

**CEIP. DE ARZÚA Rúa Baltasar Pardal s/n 15810 – Arzúa (A Coruña)**

**ADmisión de ALUMNADO PARA O CURSO 2009 – 2010**

**CALENDARIO DE ACTUACIÓNS SEGUNDO A ORDE DO 17 DE MARZO DE 2007.**

<b>PRAZOS</b>	<b>ACTUACIÓNS</b>
<b>01 – 15 de febreiro</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Cambio dun centro a outro ao que se está adscrito (alumnado de 6º, por exemplo). Presentación de solicitudes (Anexo I) polas nais, pais ou titores legais no centro de adscripción (art. 7º.2).</li> <li>➤ Envío ao centro ao que está adscrito da relación do alumnado susceptible de matricularse no mesmo para o vindeiro curso (art. 7º.3).</li> <li>➤ A non solicitude de reserva de praza polos pais implica a escolarización mediante o proceso de admisión como se fose alumnado novo (art. 8º e ss.)</li> </ul>
<b>1 de marzo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Publicación no taboleiro de anuncios das vacantes disponibles para o curso 2009 – 2010, así como dos demais aspectos que figuran no artigo 14º.3 da devandita orde.</li> <li>➤ Reservar tres postos por unidade para que a Comisión de escolarización disponha en caso de alumnado con necesidade educativa específica de apoio educativo (arts. 15º.2 e 39º).</li> </ul>
<b>3 de marzo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Sorteo público na consellería para determinar a orde de preferencia nos casos de empate (art. 34º.3).</li> </ul>
<b>1 – 31 marzo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Presentación de solicitudes de admisión segundo o Aexo II, acompañadas do DNI ou L. de Familia (art. 8º).</li> <li>➤ Cada solicitante presentará unha única solicitude, relacionando nela por orde de preferencia ata seis centros nos que solicita praza. Tamén se se desexa ou non utilizar o comedor (art. 8º).</li> <li>➤ Se as nais e/ou pais optan a unha praza para alumnado con n.e.a.e. achegarán a documentación pertinente (art. 11º.1).</li> <li>➤ Esta solicitude entregárase no centro que se solicite en primeiro lugar (art. 8º).</li> <li>➤ Todas as solicitudes deberán contar coa data e selo de rexistro de entrada e/ou saída, segundo proceda.</li> <li>➤ Envío á Comisión de escolarización, no prazo máximo de cinco días hábiles a partir do día seguinte da súa presenación no centro, xunto coa avaliación psicopedagóxica inicail realizada polo centro, das solicitudes para o alumnado con necesidade educativa específica de apoio educativo (art. 11º.2).</li> </ul>
<b>1 - 2 de abril</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Se existe máis demanda que oferta, entrega na Delegación da copia de solicitudes para os cursos nos que se produce esta circunstancia para que a Delegación verifique os datos alegados polos interesados de renda e domicilio familiar son coincidentes cos emitidos pola Axencia Estatal Tributaria.</li> </ul>
<b>1-20 de abril</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Naqueles centros e para as ensinanzas nas que exista máis demanda que oferta de postos escolares, as direccións dos centros abrirán un prazo do 1 de abril ao 20 de abril, ambos os dous inclusive, para que os pais, nais ou titores legais do alumnado presenten a documentación xustificativa dos méritos por eles alegados para a aplicación dos criterios de admisión do alumnado, xunto cunha copia do anexo II presentado anteriormente.</li> <li>➤ A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación ten carácter voluntario. A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.</li> <li>➤ O consello escolar dos centros docentes públicos poderá requerir de forma motivada dos solicitantes documentación complementaria á establecida nesta orde, para a xustificación das situacións e circunstancias alegadas. No caso de que a devandita documentación non sexa achegada no prazo de dez días, entenderase que se renuncia á puntuación prevista no punto correspondente do baremo.</li> </ul>
<b>21 – 30 de abril</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Recepción no Centro das solicitudes con informe vinculante do alumnado con n.e.e.a.e. procedente da Comisión de Escolarización ou Delegación.</li> <li>➤ Decisión sobre a admisión do alumnado polo Consello Escolar (arts. 39º.1 e 41º).</li> <li>➤ Publicación provisional de admitidos e non admitidos por curso (art. 35º.1).</li> <li>➤ Prazo de presentación de reclamacións ás listaxes provisionais: cinco días hábiles (art. 36º.3).</li> <li>➤ As reclamacións resolveranse no prazo de cinco días hábiles (art. 35º.3).</li> </ul>
<b>Unha vez resoltas as reclamacións presentadas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Publicación das listaxes definitivas de alumnado admitido e non admitido (art. 36º).</li> <li>➤ Contra esta publicación cabe recurso de alzada perante o delegado provincial no prazo dun mes (art. 50º).</li> <li>➤ Nun prazo de 48 horas á publicación das listaxes definitivas, envío á Comisión de Escolarización a seguinte documentación (art. 37º.1): <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Copia das listaxes definitivas de admitidos.</li> <li>○ Número de postos non cubertos, detallados por cursos e niveis e posibles vacantes que se poidan producir no centro.</li> <li>○ Listaxe de alumnas e alumnos que non foron admitidas/os, xunto coa documentación presentada.</li> <li>○ De ser o caso, solicitudes de alumnado con n.e.e.a.e. que non resultasen admitidas na resolución definitiva e, tamén de ser o caso, as prazas vacantes reservadas a este alumnado (art. 39º.2).</li> </ul> </li> </ul>
<b>20-30 xuño</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Formalización da matrícula do alumnado de infantil e primaria admitido (art.52º).</li> <li>➤ Se finalizado este prazo non se formalizara a matrícula, decaerá o dereito á praza obtida.</li> <li>➤ O centro de primaria deberá expedir un certificado no que conste a superación desa etapa educativa ao alumnado que vai cursar a ESO en centros distintos ao de adscrição.</li> <li>➤ Unha vez finalizado o prazo de matrícula, comunicación á Comisión de Escolarización do número de prazas vacantes especificando curso e nivel educativo (art. 53º).</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Formalización de matrícula do alumnado de ESO e Bacharelato (art. 52º) desde <b>25 de xuño a 10 de xullo</b></li> <li>➤ Prazo extraordinario para o alumnado de educación secundaria obligatoria e bacharelato (art. 52º) <b>1 – 10 setembro</b></li> </ul>